

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE ULISES PROYECT EVENTOS SL PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO XVI” .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade Ulises Proyect Eventos S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

establecer as condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Ulises Proyect Eventos S.L. para a celebración do festival “O Marisquiño XVI” que terá lugar os días 12, 13 e 14 de agosto de 2016 no Porto de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Que a entidade Ulises Proyect Eventos S.L. é a entidade encargada de celebrar o festival “O Marisquiño”, na cidade de Vigo. Este evento, situado no paseo marítimo de Vigo xunto ao tradicional “mercado de la Piedra”, aúna a realización de campionatos en distintas disciplinas deportivas así como exhibicións e concertos, sendo un dos puntos máis activos do turismo.

Cada ano, o crecemento sostible do Festival obriga a ir ampliando espazos e reorganizando a implantación das actividades e servizos. En 2016, a XVI edición de “O



Marisquiño” ocupará máis de 105.000 m² e ampliarase á Zona Franca, Estación Marítima e Plaza da Autoridade Portuaria, integrándose todavía máis se cabe na propia cidade.

Os deportes de acción son cada día máis atractivos e por elo a asistencia de público e participantes na pasada edición foi de uns 120.000 visitantes.

Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Ulises Project Eventos S.L. é a única entidade que organiza o festival “O Marisquiño”.

A través deste convenio, outórgase á entidade Ulises Project Eventos S.L. unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

